

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXIRÁN A CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DA FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓN DE OURENSE, EXPOURENSE. (EXP. 2/2023)

1.-OBJECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente contrato a prestación do servizo de limpeza das instalacións dependentes da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, tanto de xeito ordinario como feiras ou en calquera outra actividade vinculada ao obxecto da Fundación, durante o prazo dun ano, con posibilidade de prórroga durante un ano máis.

2.-NORMATIVA DO TRABALLO E FRECUENCIA DO MESMO

O servizo de limpeza estenderase á totalidade dos edificios e espazos obxecto do servizo contratado:

a) **Limpeza rutinaria:**

- FRECUENCIA: 2 horas diarias de luns a venres.
- ESPAZOS: Este tipo de limpeza abrangue os seguintes espazos e áreas.

PLANTA BAIXA

- Hall e circulacións do acceso.
- Zona de máquinas vending.
- Sala de autoridades.
- Salas de Xornadas.
- Baños do vestíbulo.

PLANTA PRIMEIRA

- Pasillos e distribución.
- Baños.
- Despachos
- Sala de xuntas.

- **ACTUACIONES A DESARROLLAR E FRECUENCIAS:**

A DIARIO:

- Aspirado, varrido e fregado (de ser o caso) dos chans das dependencias, así como as escaleiras e interiores en xeral.
- Limpeza e desinfección dos servizos e baños.
- Baleirado e limpeza das papeleiras e cinseiros.
- Desempeado do mobiliario en xeral, maquinaria e enseres.
- Retirada de papeis e demais desperdicios das zonas exteriores e colindantes cos centros.
- Limpeza e desinfección de teléfonos, teclados, pantallas e interfonos.
- Limpeza puntual de pegadas en tódalas zonas acristaladas.
- Reposición de papel hixiénico e xabón.

SEMANALMENTE

- Limpeza de madeiras, portas e elementos decorativos.
- Limpeza a fondo das aulas, salas de xornadas.
- Limpeza en profundidade de circulacións do hall, aspirado de felpudos de acceso.
- Revisión e retirada de arañeiras (de teitos, zócalos, ...).

MENSUALMENTE

- Limpeza e fondo de azulexos, portas, mesas e armarios do centro.
- Fregado/baldeado das escaleiras, accesos e contornos exteriores.
- Aspirado dos mobles tapizados.
- Limpeza dos puntos de luz.
- Limpeza de paredes, teitos e zócalos.
- Limpeza de cristais.

TRIMESTRALMENTE

- Limpeza de persianas e cortinas

ANUALMENTE

- En 2 apartados pactados co contratista, limpeza xeral a fondo destes espazos.

As frecuencias integraranse no plan de traballo que se achegara coa oferta, xunto cos medios, ferramentas e produtos a empregar. Estes servizos efectuaranse dentro das horas contratadas para esta limpeza rutinaria.

b) Limpezas extraordinarias de Feiras e outras actividades

- FRECUENCIA: segundo demanda do contratista, que definirá número de horas, persoal necesario, día ou días de prestación e particularidades da prestación.
- ESPAZOS: Este tipo de limpeza abrangue todos os espazos empregados para as actividades, ben sexa feira, actividade deportiva ou calquera tipo de evento que desenvolva Expourense nos seus obxectivos.

ESPAZOS USADOS NO DESENVOLVEMENTO DE FEIRAS, MOSTRAS, EXPOSICIÓNS E OUTRAS ACTIVIDADES

- Varrido e fregado (de ser o caso) do chan do pavillón e bancadas.
- Aspirado e fregado con medios mecánicos de pavillón, corredores e zonas de tránsito usadas.
- Limpeza e desinfección dos servizos, baños e vestiarios. As frecuencias de limpeza adaptaranse aos asistentes ao evento.
- Baleirado e limpeza das papeleiras e cinseiros do interior do recinto e zonas de acceso exterior.
- Limpeza puntual de pegadas en tódalas zonas acristaladas.
- Reposición de papel hixiénico e xabón.

3.- PERIODICIDADE DO SERVIZO

Dependerá da natureza do servizo:

- A limpeza ordinaria prestarase a totalidade dos días hábiles.
- As limpezas extraordinarias vinculadas a feiras, mostras, eventos, ... serán avisadas cunha antelación de polo menos catro días hábiles.

No momento da solicitude, por parte do contratista, se definirá as continxencias

particulares de cada un dos eventos, número persoal necesario para a prestación, posibles produtos, ferramentas ou maquinaria a empregar.

4.-CONDICIÓN XERAIS

PREZO: Establécese un prezo unitario por hora de prestación do servizo. Este prezo será de aplicación tanto para os servizos ordinarios como os extraordinarios.

Aboaranse as horas reais efectuadas, sen ter en conta a estimación de horas anuais.

PREZO HORA: o prezo hora máximo será de 13,00 € máis o IVE correspondentes. Os licitadores presentarán nas súas ofertas o prezo unitario por hora ofertado segundo figura no Anexo II.

HORAS ESTIMADAS:

- a) Estímanse 520 horas anuais de **limpeza ordinaria**, ao desenvolverse os traballos de luns a venres os días hábiles do ano.
- b) Estímanse 1.100 horas anuais de **limpeza extraordinaria** de feiras, eventos e actividades deportivas.

O Valor Estimado do Contrato será polo tanto o resultado do produto das horas anuais estimadas polo prezo máximo hora da licitación.

As condicións xerais polas que se rexerá o presente contrato de servizos serán as seguintes:

- Serán por conta do adxudicatario a man de obra de todas e cada unha das operacións a realizar, así como cantos produtos e útiles de limpeza sexan necesarios para o cumprimento das obrigas do presente contrato, e serán tamén do seu cargo as máquinas que precise para elo así como o seu mantemento e reparación.
- Serán por conta do adxudicatario as subministracións ás que se fai referencia no apartado anterior.
- Non existirá vinculación laboral algunha entre o persoal que se destine á execución do contrato e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expoureense, por canto aquel queda expresamente sometido ao poder direccional e de organización da empresa adxudicataria en todo ámbito e orde legalmente establecida e sendo, por tanto, esta a única responsable e obrigada ao cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables ao caso, en especial en materia de contratación, Seguridade Social, prevención de riscos laborais e tributaria, por canto devandito persoal en ningún caso terá vinculación xurídico-laboral coa Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, e iso con independencia das facultades de Control e Inspección que legal e/ou contractualmente correspondan ao mesmo.

5.- CONDICIÓN ESPECIAIS

- O contratista está obrigado a dispoñer dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 300.000 euros, que cubra polo menos os seguintes riscos e/ou actos ou omisións do seu persoal, empregados e dependentes,

maquinaria e equipo durante a prestación, así como os danos que se puideran ocasionar durante a realización dos traballos, en vigor durante todo o período de contratación

- O contratista deberá cumprir coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

6.- DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución será de un ano a contar desde a data de inicio da prestación do servizo. Este contrato poderá prorrogarse expresamente por un período anual ata alcanzar unha duración máxima (período inicial + prórroga) de dous anos. O acordo de prórroga será adoptado polo órgano de contratación antes do transcurso do prazo e con preaviso á empresa adxudicataria con dous meses de antelación á finalización do termo inicial ou do prorrogado. A dita prórroga será obrigatoria para o adxudicatario.

A duración do contrato contarase a partir da data de sinatura da acta de inicio de prestación do servizo que será asinada con posterioridade á sinatura do contrato. O prazo máximo para o inicio do servizo será de trinta días, computados dende o seguinte á sinatura do contrato, podéndose prorrogar excepcionalmente previa a solicitude razoada do adxudicatario.

A duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

Para o non previsto nesta cláusula aplicarase o disposto no artigo 29 de LCSP.

7.- POSIBLES ACTUACIONES ESPECIAIS DERIVADAS DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE CONTAXIO FRONTE A COVID-19

As continxencias do servizo de limpeza derivadas de posibles medidas de prevención fronte a contaxios da COVID-19, superado o estado de emerxencia sanitaria, adecuaranse ao regulamento que as instrumente, estudando as particularidades á hora de efectuar o pedido de horas por parte do contratista.

Ourense, 25 de xaneiro de 2023.

O Director Xerente